



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación, Cultura e Deportes

Referencia: BART-MU / 2018

Expediente: 2018000005496

RESOLUCIÓN Nº 32910 DO 27/09/2018, POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2018- ÁREA DE MÚSICA DURANTE O ANO 2018

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

A Resolución de Presidencia nº 26678 do 07/08/2018 aprobou a concesión provisional das BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2018- Área de música, e concedeu un prazo 10 días hábiles para comunicar, se é o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

Comprobouse pola unidade xestora que dentro do prazo de alegacións concedido presentáronse as seguintes alegacións e emendas:

-Artur Carballo Alviárez solicitou autorización para modificar o proxecto no referente ao lugar de realización dos estudos, previsto inicialmente na "Universität Mozarteum Salzburg" e que finalmente realizará no Conservatorio de Amsterdam. Sinala que esta modificación foi presentada ante o tribunal na proba presencial e mediante a entrevista persoal. Os membros do tribunal manifestaron a súa conformidade a dito cambio.

-Antón Iglesias Quintela manifesta que hai un erro na transcripción do nome do seu proxecto na resolución 26678 do 07/08/2018 pola que se aproba a concesión provisional. A unidade xestora comprobou que houbo dito erro de transcripción o cal se emenda nesta resolución, polo que o nome do proxecto de estudos correcto é "Estudios con John Riley (Manhattan School of Music)".

-Lucía Quinteiro Socías solicita coñecer os criterios utilizados para valorar os apartados "Interese" e "Outros" e a revisión da súa puntuación.

Comprobada a acta da primeira reunión do tribunal, do 4 de xullo de 2018, constan os seguintes subcriterios de valoración nos apartados de Interese" e "Outros":

No apartado do interese do proxecto valórase a coherencia do proxecto coa formación académica (ata 1 punto) e a relevancia do centro onde se desenvolve o proxecto (ata 1 punto); no apartado de outros valórase os concertos públicos e premios (ata 1 punto).

Solicítouse ao tribunal a revisión da puntuación o cal confirmou a puntuación acadada informando o seguinte: Que a puntuación da reclamante alcanzou no apartado de "Interese do proxecto presentado" unha alta cualificación, consistente nun 90% do máximo total considerado para este apartado. Que a puntuación está motivada a través da ponderación de criterios de valoración antes citados de acordo coa base 6.2B e que a devandita ponderación establécese en relación a tódolos proxectos dos/as solicitantes de bolsa presentados durante a presente convocatoria, non habendo lugar a unha comparativa con convocatorias anteriores por non corresponder en tempo e forma.

Vistos o informe do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes e o informe do Servizo de Fiscalización.

RESOLVO:

- 1.- Desestimar as alegacións presentadas por Lucia Quinteiro Socías.
- 2.- Autorizar a modificación do proxecto solicitada por Artur Carballo Alviárez.
- 3.- Emendar o erro de transcripción manifestado por Antón Iglesias Quintela.

4.- Conceder definitivamente as bolsas aos solicitantes que se relacionan no Anexo 1 polos importes que se indican, con cargo á partida orzamentaria 0612/3262/481, sendo o importe total proposto de 90.000,00€.

5.- Existe crédito no documento contable "A" núm. de Operación 220180013518 da aplicación orzamentaria: 0612/3262/481, por importe de 72.000,00 € e o RC con núm. de operación: 220180033631 de data 25/09/2018, por importe de 18.000,00.

Deberán modificarse os documentos contables ao obxecto de que exista un único documento contable para a presente convocatoria, de modo que procede facer o seguinte:

A) ANULAR o documento contable A con núm. de operación: 220180013518, por importe de 72.000,00 euros e o seu correspondente documentos contables RC con núm. de operación: 220180011367 e 20180033631, do presente expediente 2018000005496.

B) EMITIR un novo documento contable RC por importe de 90.000,00 € na aplicación orzamentaria 0612/3262/481

6.- Nomear suplentes ás persoas solicitantes que se relacionan no Anexo 2.

7.- Publicar a presente resolución na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co establecido no art. 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

ANEXO 1. CONCESIÓN DAS BOLSAS

| | Solicitudes | Importe bolsa |
|---------------------|--|---------------|
| Persoa beneficiaria | ALBERTO MIGUELEZ ROUCO | 9.000,00€ |
| Expediente | 2018000026284 | |
| Obxecto | Master in music pedagogy renaissance-romantic(canto) 2º curso, na Schola Cantorum Basiliensis | |
| Persoa beneficiaria | AMARO SAMPEDRO LÓPEZ | 9.000,00€ |
| Expediente | 2018000027178 | |
| Obxecto | Master of Arts-création,performance: especialidad; Pedagogía Instrumental Musical, na Universidade Nice Côte Azur e C.I.R.M. | |
| Persoa beneficiaria | ANTÓN IGLESIAS QUINTELA | 9.000,00€ |
| Expediente | 2018000026891 | |
| Obxecto | Estudos con John Riley (Manhattan School of Music), en New York | |
| Persoa beneficiaria | ARTUR CARBALLO ALVIAREZ | 9.000,00€ |
| Expediente | 2018000027116 | |
| Obxecto | Master of Music, no Conservatorio de Amsterdam | |

| | | |
|---------------------|---|------------|
| Persoa beneficiaria | CLARA DE SOTO PAZ | 9.000,00€ |
| Expediente | 2018000027053 | |
| Obxecto | Bachelor für Musik na Hochschule für Musik Und Tanz en Köln | |
| Persoa beneficiaria | HELENA OTERO CORREA | 9.000,00€ |
| Expediente | 2018000027191 | |
| Obxecto | Segundo ano de Master en Música de Cámara no Conservatoire National Supérieur de Musique et Danse de Lyon | |
| Persoa beneficiaria | HUGO GÓMEZ-CHAO PORTA | 9.000,00€ |
| Expediente | 2018000026710 | |
| Obxecto | Máster en Composición con Beat Furrer, 2º curso, na Kunstuniversität de Graz | |
| Persoa beneficiaria | IAGO DOMINGUEZ EIRAS | 9.000,00€ |
| Expediente | 2018000026321 | |
| Obxecto | Segundo ano na School of Excellence da Hochschule für Musik Basel | |
| Persoa beneficiaria | MANUEL CASARES GESTAL | 9.000,00€ |
| Expediente | 2018000026544 | |
| Obxecto | Segundo ano de estudos de Máster en Piano na Academia de Música de Cracovia | |
| Persoa beneficiaria | SILVIA ROZAS RAMALLAL | 9.000,00€ |
| Expediente | 2018000026313 | |
| Obxecto | 3º curso do bachelor de flauta, na Hochschule für Musik "Hanns Eisler" en Berlín | |
| Total concedido | | 90.000,00€ |

ANEXO 2. SUPLENTES

Suplente 1: Lucía Quinteiro Socías
 Suplente 2: Carolina Rodríguez Canosa
 Suplente 3: Manuel Sampedro Sueiro
 Suplente 4: Sara Pinaque García
 Suplente 5: Tomás Ionescu Ionesc
 Suplente 6: Ani Poghosyan Grigoryants

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.